cación, como a distancia que han de gardar ó eixo das estradas os edificios, e fai referencia neste senso a unha edificación existente na Avda. de Vigo, nº 35, que garda a liña de edificación, pero non a distancia ó eixo da estrada.-

E, rematados os asuntos a tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinteunha horas e trinta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente Acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio 142 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia Serie A Nº 0358930 ata o folio 156, Serie A Nº 0358944, de todo o que, como Secretario, DOU FE.-

O ALCALDE **O SECRETARIO**

XAIME REI BARREIRO LUIS TORRADO VAZQUEZ

SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA 24 / NOVEMBRO / 1995

S U M A R I O

ASUNTO UNICO: SOLICITUDE A CONSELLERIA DE EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA DA INCLUSION NO ORZAMENTO DO ANO 1996, DA CONSTRUCCION DUN COLEXIO PUBLICO DE EDUCACION BASICA EN REDONDELA.

Na Sala de Sesións do Concello de Redondela, ás vinte horas do día vintecatro de Novembro de mil novecentos noventa e cinco, baixo a Presidencia do Iltmo. Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO, e a asistencia dos Concelleiros Sres. D. MANUEL ALONSO LEMOS, Da. MARIA DEL CARMEN BASTOS RODRIGUEZ, D. JOSE BLANCO PUGA, Da. FRANCISCA CANAL GOMEZ, D. JAIME DARRIBA VILAS, D. GUMERSINDO FERNANDEZ MENDEZ, D. EMILIO GONZALEZ IGLESIAS, D. XOSE LUIS GRANDE GRANDE, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. LUIS ALBERTO ORGE MIGUEZ, D. XOSE CARLOS PAZOS DOCAMPO, D. MANUEL PIÑEIRO COSTAS, D. FRANCISCO PUCH CASAL, D. LUIS RODRIGUEZ VILARCHAN, D. JOSE MANUEL SOTO VIRULEGIO, D. JAIME TORNERO LOPEZ, e Da. JOSEFA VILLAVERDE RODRIGUEZ, actuando como Secretario que certifica, D. LUIS TORRADO VAZQUEZ, se constitúe o Pleno do Iltmo. Concello en sesión extraordinaria e urxente correspondente ó día da data, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día remesada a tódolos Sres. Concelleiros/as coa antelación legalmente requerida. Non asiste o Sres/as Concelleiros/as PEREZ ORGE, MIGUEZ DOCAMPO, e RICON VIRULEGIO. Está tamén presente o Sr. Interventor de Fondos D. MODESTO SOLLA SANZ.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria, procedéndose a trata-lo único punto Orde do Día.

ASUNTO UNICO.- SOLICITUDE A CONSELLERIA DE EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA DA INCLUSION NO ORZAMENTO DO ANO 1996, DA CONSTRUCCION DUN COLEXIO PUBLICO DE EDUCACION BASICA EN REDONDELA.-

Pola Presidencia dase conta de Proposta da Comisión Informativa de Ensino de data 22 de Novembro pasado, en relación co asunto único da Orde do Día da presente sesión extraordinaria e urxente, asinada polos Sres. Concelleiros que ostentan a representación de tódolos partidos políticos integrantes desta Corporación, e que dí así:

"Ante o estado ruinoso no que se atopa o Centro de Educación Xeral Básica de Redondela, que constitúe un serio perigo para o alumnado e profesorado que diariamente acude ó mesmo, tendo en consideración os compromisos adquiridos pola Consellería de Educación en

orde á construcción dun novo centro escolar para o vindeiro ano e enterados da falla de consignación no Orzamento da devandita Consellería para a indicada finalidade no exercicio de 1996, a Comisión Informativa de Ensino, en votación ordinaria e por unanimidade dos Sres./as asistentes, estimou oportuno propoñer ó Concello Pleno, a adopción do seguinte acordo:

Solicitar que o Excmo. Sr. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, dispoña o necesario e dicte as oportunas resolucións tendentes a facer efectiva a construcción dun Colexio Público de Educación Básica en Redondela no ano 1996, e a súa posta en funcionamento no curso académico 1996-97."

Pola Presidencia solicítase que polo Pleno se declare a urxencia deste asunto único para poder ser sometido o seu debate e votación.

Este Concello Pleno, por unanimidade, acorda declara-la urxencia solicitada pola Presidencia.

Pola Presidencia concédellese a palabra ó representante de EU-EG, D. José Manuel Villar Hernández, en base a súa solicitude de data 24 de Novembro de 1995, quen identificándose totalmente coa proposta feita ó Pleno, solicita do mesmo que polo PP se asuman as promesas feitas durante a campaña electoral referentes a este asunto que se somete á consideración do Pleno, e nun segundo lugar que se leven a cabo mobilizacións no caso de que a resposta do Conselleiro respecto da proposta que somete á consideración do Pleno fose negativa.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro Sr. Alonso Lemos, por este adhírese á proposta da Comisión Informativa antes citada, así como a posibilidade de sumarse a mobilizacións no caso de non conquerirse o solicitado na proposta de referencia.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro Sr. Pazos Docampo, por este maniféstase que parece ser que non hai cartos para a construcción dun colexio público de Educación Básica en Redondela, mentras que por outro lado gástanse miles de millóns no ensino privado e no non obrigatorio, e considerando a proposta suave no seu plantexamento, adhírese non obstante á mesma, así como a calquera outra proposta tendente a conquerir o citado colexio público para Redondela.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro Sr. Soto Virulegio, por este móstrase o seu apoio á proposta tal e como aparece formulada, así como tamén si fora preciso levar a cabo mobilizacións en defensa da mesma, sempre que non fosen violentas.

Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro Sr. González Iglesias, por este adhírese á proposta da Comisión Informativa antes citada, solicitando que o acordo correspondente se remita non só ó Conselleiro respectivo, senón tamén ó Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia.

Este Concello Pleno, por unanimidade, acorda presta-la súa aprobación á Proposta da Comisión Informativa antes citada.-

E, non sendo outro o asunto a tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte horas e quince minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente Acta, que se inscribiu no Libro dende o folio 156 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia Serie A Nº 0358944 ata a volta do folio 157, Serie A Nº 0358945, de todo o que, como Secretario, DOU FE.-

O ALCALDE **O SECRETARIO**

XAIME REI BARREIRO LUIS TORRADO VAZQUEZ